

A traducción dos Diarios de Syra Alonso

Anxos Suma

Nunha traducción hai dous tipos de responsabilidade: a de elixi-la obra que se vai traducir e a de poñe-lo texto no idioma do lector. Aínda que ás veces as responsabilidades poden confluír, neste caso, a primeira, a da selección do texto, recaeu na colección Mulleres de A Nosa Terra. A segunda responsabilidade, a de ser intermediaria entre a autora e os lectores, a da loita coas palabras do texto orixinal e a busca da expresión máis idónea en galego, a da resolución de cuestións de carácter lingüístico e estilístico, foi a que me tocou a min.

Hai posturas ben distintas sobre a responsabilidade do tradutor nunha obra. É imposible evitar que a presenza do tradutor se note, que permaneza absolutamente "invisible", porque, como di a traductora mexicana Laura Pacheco: "ninguén nos ve nin nos oí; imaxínannos distantes, pero estamos moi preto". Con todo, a función do tradutor é a comunicación e a finalidade esencial dunha traducción é a emoción, achegarlle ó lector a única emoción que importa, o único sentido que importa: o que nos quiere transmiti-lo autor. E eu nesta obra atopeime cunha autora que é ó mesmo tempo protagonista, falo de Syra. E Syra é unha narradora excepcional e apaixonada, unha protagonista fascinante, coa que non puideron deixar de implicarme, mantendo un diálogo continuo con ela. Con ela sufrín e gocei coas súas vivencias, impliqueime na súa vida, sentín curiosidade polas súas relacións — polos seus amigos e polos seus inimigos —, desexei que acadase os seus propósitos tanto coma ela mesma. Coñecín a Syra Alonso a través dos seus Diarios, porque nunca antes oíra falar dela. Coñecín a Syra pero tamén coñecín a Francisco Miguel, os seus fillos, as persoas que a rodearon, os seus veciños, souben algo máis de Fernández Flórez, de Eugenio Montes, de Fernández Mazas, dos soldados, dos mariñeiros, da guerra — "era a guerra, a máis espantosa guerra que se nos viña enriba", preséntaa Syra —... Fixen con ela os paseos diarios ata o cárcere, vivín con ela en Santa Cruz, coñecín Tordoia, Mera, A Coruña, reparei como non o fixera antes nas rúas de Santiago, nas de Lisboa, e leveume da man ata México, ata o mesmo Actopán. E todo a través duns textos ateigados de intensidade, sinceridade e tensión emocional, da forza dunha muller que non acougou ata cumprir-la derradeira promesa que lle fixera ó seu home e que fuxiu da protección da súa familia e das súas amizades; uns textos nos que Syra pasa da prácida e detida descrición do seu contorno, da súa casa, do mar que é para ela unha permanente referencia de cor, son e sabor — "como as bágoas", di Syra que sabe —, o mar que foi a súa liberación e tamén transmisor de desgracias — "A través do rumor do mar oíase ó lonxe o boureo dos disparos" —, a expresa-la dor máis intensa, a impotencia, a incredulidade, o espanto diante dos acontecementos... Pero nos diarios tamén hai espazo para o sentido do humor, para a alegría e incluso para a frivolidade, para o repouso, para a conversa acougada, para a reflexión política e cultural, para a súa paixón pola lectura.

Teño que dicir que nunca antes chorara nin rira da forma en que o fixen esta vez diante dun texto que, en principio, me era alleo, como son tódolos textos, en principio, alleos ó traductor. Tamén teño que dicir que poucas veces antes o noso instrumento de traballo — os mecanismos lingüísticos — fora tan doado de manexar porque os diarios, escritos en castelán, manteñen unha íntima relación con Galicia, porque Galicia e o galego están presentes non só a través das citas de autores como Curros ou Rosalía, que parece un referente á hora de escribir — sobre todo no Diario de Actopán — e mesmo Lorca, ou a través da recreación da paisaxe, que describe minuciosamente, ás veces con fórmulas repetitivas provocadas posible-



mente pola distancia — fala centos de veces do azul do ceo, das agrisadas nubes, do vermello do solpor, da suave chuva, dos fermosos días de sol, dos chíos das gaivotas, do son das campás —, senón tamén pola mesma presenza do idioma ó longo dos diarios, transcribindo en galego as súas conversas cos mariñeiros de Santa Cruz, cos veciños, coa asistente da pensión de Madrid — que fala unha curiosa e pavera mestura de galego e castelán —. Insire tamén moitos vocábulos en galego que adoitaba explicar a pé de páxina ou no mesmo texto. Neste casos, tanto nos diálogos escritos en galego pola propia Syra como na terminoloxía galega, optouse por mante-lo texto orixinal, actualizando a ortografía, e indicándoo en cursivas para non confundilo coa traducción e eliminado, iso si, as explicacións de Syra que aparecen a pé de páxina na parte do Diario que foi editada, xa que para un lector galego carecerían de sentido. E,

como remate ó tema do idioma, a mesma Syra di no capítulo XXII do diario de Actopán: Gústame moito o galego e podverse nestas páxinas, xa que moitas delas están escritas no idioma da terra.

Syra escribe cunha emoción que ás veces parece incontrollable, escribe por impulsos, como se pode apreciar no orixinal do Diario de Actopán, tal e como lle acoden ás cousas cabeza, sen prestarlle moita atención á redacción, sen reparar na alternancia de tempos verbais e case sen puntuar. No posíbel intentei manter a súa forma de narrar pero, para facer máis doada a lectura — porque o que importaba sobre todo era transmitir a emoción de Syra — tiven que intervir en certos casos na narración.

Canto ós diarios en si, chegaron ás miñas mans claramente dous: un escrito en Tordoia e datado en 1938 e outro redactado en Actopán e asinado en 1945. O primeiro diario comeza coa chegada a Tordoia no ano 1936 e narra, en dúas partes, dende o comezo da guerra civil, pasando polo asasinato de Francisco Miguel á mans dos fascistas, ata a localización do cadáver do pintor en Bertoa. O segundo diario, asinado en Actopán en 1945, narra o proceso de saída de España e de Portugal ata chegar a México. O diario de Actopán parece o final do proceso narrativo de Syra. Sen embargo, ó meu parecer, o diario de Tordoia non é o primeiro ou, se cronoloxicamente é o primeiro que redactou, Syra tivo que escribir — estou case segura — un diario, ou unha biografía de Francisco Miguel, onde falaría do antes da súa chegada a Santa Cruz. I digo isto posiblemente por pura intuición, por implicarme tanto na vida da autora. A existencia dun diario que falase da súa vida antes de Santa Cruz podería estar apoiada pola aparición dunhas páxinas soltas que narran a chegada á Casa da Felicidade que é como a chegada ó principio dun fermoso soño, dun mundo arelado por ela e por Francisco Miguel, e parecen o final da etapa previa á guerra. A existencia dun diario que narrase o anos anteriores á guerra civil explicaría tamén porqué Syra ancorou en Actopán, contaría tantas cousas sobre o seu encontro con Francisco Miguel que Syra nunca deixaría de contar, como a relación cos pintores mexicanos Rivera e Frida Kalho, a súa estadía en México, o trato con escritores como Fernández Flórez... Syra quería, sobre todo, falar do seu home, e o seu home non viviu só por morrer da forma en que morreu, senón que tivo unha cumprida existencia que é ben raro que Syra non puxese por escrito. Queda, ó meu parecer, pendente o traballo de localización desta primeira parte dos diarios.

Para rematar, quero pedir desculpas a Syra se o meu excesivo rigor á hora de poñer puntos e comas, ou a miña preocupación porque o lector percibise toda a intensidade do texto, toda a emoción que a autora quixo transmitir, lle quitou paixón ás súas palabras.